

SEGUIMIENTO DE RESULTADOS - RESUMO

O obxectivo principal do **Plan de aforro e eficiencia enerxética da Xunta 2011-2013** é a optimización dos consumos e a redución dos custos enerxéticos da Xunta de Galicia, ademais das vantaxes ambientais e do papel divulgativo da implantación de medidas de aforro enerxético. Para isto, una vez que as medidas aforro e eficiencia se implanten, é importante realizar unha avaliación dos aforros enerxéticos acadados para replicar proxectos noutros centros e optimizar as medidas.

Para acadar este obxectivo, implantaranse sistemas de información que permitan dispoñer dos datos relevantes dos consumos enerxéticos e en paralelo, implantar ferramentas de xestión que axuden a reducir os custos de enerxía asociados.

A implantación dun sistema de xestión enerxética centralizado na Xunta de Galicia permite ter acceso aos principais datos enerxéticos das instalacións aos responsables enerxéticos das distintas consellerías e dos centros consumidores co que se mellorará a súa xestión neste ámbito.

Con esta medida, a **administración galega** será **pioneira no desenvolvemento de sistemas centralizados de xestión de consumos enerxéticos** para a totalidade dos seus edificios, medida coherente coa política de redución de gasto que está a desenvolver a Xunta de Galicia.

En 2012 estase a levar a cabo a primeira fase do proxecto, que se concreta nas seguintes actuacións:

1.- Medicións das curvas de carga dos centros piloto antes da implantación das medidas de aforro.

Como primeira fase do proxecto implantaranse sistemas de medición de consumo en catro edificios da Xunta de Galicia de consumo enerxético superior a 8.000 MWh/ano nos que se desenvolverán de xeito máis inmediato os proxectos de aforro enerxético co modelo de empresas de servizos enerxéticos. O obxectivo principal será dispoñer das curvas de carga de consumo e a súa distribución por áreas, procesos ou tipos de enerxía antes de que se implanten as medidas de aforro.

Esta análise servirá como base para definir os sistemas de medición necesarios para os edificios da Xunta e a súa implantación nas seguintes fases do plan.

2.- Realización dunha Plataforma de control dos consumos enerxético dos edificios.

A plataforma de control será un sistema informativo que recollerá os datos dos centros de xeito automático, elaborará os informes de situación e enviaraos aos responsables de cada Consellería para o seguimento das principais variables. Nestes informes incluíranse datos dos consumos de enerxía, dos custos económicos, das principais derivacións de consumo,...

A plataforma de control estará composta de diversos módulos independentes que a súa vez deben interconectarse entre si para conseguir a operatividade da plataforma:


I. Módulo de Comunicións: sistema de tratamento e interpretación de datos recollido polos equipos de medida e de recoñecemento da plataforma de control. Este módulo a de ler os valores enviados polos equipos de medida, interpretalos e convertelos en formato manexable polo módulo de control.

II. Módulo de Control: comporase dos seguintes subsistemas:

- Sistema de tratamento de datos: creará una base de datos onde quedarán almacenadas todas as medidas e permitirá o tratamento das mesmas para a elaboración de informes individuais ou conxuntos, así como comparativas por períodos de tempo.
- Xestor de rede: creárase un sistema de modulación da recollida de información da rede de sensores permitindo modificar diferentes parámetros como por exemplo intervalos de tempo de toma de datos.
- Xestor de informes: permitirá a elaboración de informes por diferentes parámetros (Potencia activa, Potencia reactiva, Enerxía activa, Enerxía reactiva), por tempos (períodos) e edificios. Cada usuario disporá dunha opción de predeterminar as gráficas a visualizar dentro da aplicación.
- Cadros de mando: permitirá, dun xeito sinxelo e rápido, visualizar na pantalla do ordenador aqueles parámetros que desexemos controlar: consumos eléctricos por usos, custo de enerxía térmica por zona, ubicación do edificio, etc.....

III. Módulo de Visualización: incorporación no sistema GIS de identificación e representación de edificios a información correspondente a datos de consumo térmico do edificio.

IV. Módulo de Alarmas: sistema de alarmas que avisará do rexistro de valores correspondentes a parte térmica que non se axusten aos rangos habituais ou esperados de consumo, así como ineficiencias no mesmo.



Esquema da Plataforma

Esta plataforma permitirá dispoñer de todo o consumo enerxético da Xunta de Galicia desagrado por centro, combustible, tipo de servizo do centro e características do edificio.

Preténdese que esta plataforma comece a estar operativa para estes primeiros centros no segundo semestre de 2012.

Para o segundo semestre de 2013 e unha vez estean executados e en funcionamento os primeiros proxectos de eficiencia enerxética comezaranse coa última das actuacións desta terceira fase:

3.- Medición e avaliación dos resultados de aforro enerxético unha vez implantadas as medidas.

A medición e avaliación dos resultados de aforro enerxético unha vez implantadas as medidas é unha fase fundamental que permitirá contrastar con resultados reais coas estimacións realizadas nas auditorías e cos cumprimentos dos obxectivos de aforro enerxético que foron asumidos polas empresas de servizos enerxéticos. Esta medición dos aforros será realizada de xeito programado pola plataforma definida no apartado anterior, o que permitirá determinar de forma sinxela e fiable os

resultados das medidas implantadas. Por outra banda, este seguimento dos aforros será una labor fundamental para replicar e optimizar as medidas en edificios con características semellantes.